



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Latín Práctico para Arquivos e Bibliotecas		Código	710G04018
Titulación	Grao en Xestión Dixital de Información e Documentación			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Santos Paz, Jose Carlos	Correo electrónico	j.c.santos@udc.es	
Profesorado	Santos Paz, Jose Carlos	Correo electrónico	j.c.santos@udc.es	
Web	https://coruna.academia.edu/Jos%C3%A9SantosPaz			
Descrición xeral	<p>O obxectivo da materia é achegarlle ao alumnado as destrezas e coñecementos básicos de gramática latina que lle permitan comprender a documentación escrita en latín presente en arquivos e bibliotecas, que constitúe unha parte fundamental do fondo antigo. A comprensión correcta deses documentos é importante para que poidan ser correctamente descritos e para comprender os elementos relevantes na elaboración de metadatos. Farase tamén unha pequena introducción ás características morfolóxicas dos formatos de libro que conforman o fondo antigo, ao léxico específico e aos recursos básicos que se empregan na descrición deses materiais (nomes de impresores e editores, topónimos, etc.). A materia ten un enfoque basicamente práctico, salientando o traballo práctico con textos e documentos pertencentes ao fondo antigo de arquivos e bibliotecas, así como coas súas réplicas nos repositorios e bibliotecas dixitais.</p>			
Plan de contingencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Lecturas (computan na avaliación) Traballos tutelados (computan na avaliación) *Metodoloxías docentes que se modifican Sesión maxistral (substituída polo uso da plataforma de teleformación e por sesións síncronas a través de Teams).</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Moodle: achegaranse materiais cada semana e utilizarase o foro de novas para comunicacións varias. Teams: sesións síncronas durante o período en que se imparte a materia. Titoría virtual: Atención permanente polo correo electrónico.</p> <p>4. Modificacións na avaliación *Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán cambios. O alumnado terá á súa disposición os materiais dixitalizados en moodle.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A2	CE2 - Ter o coñecemento humanístico que lle permita ter unha cultura sólida para contextualizar os coñecementos adquiridos
A5	CE5 - Dominar as fontes de información relevantes que permitan satisfacer de forma efectiva as demandas dos usuarios tanto para a actividade investigadora como para a empresarial
A6	CE6 - Buscar e obtér información en diversos medios para responder á demanda dos usuarios de información



A8	CE8 - Dominar os distintos métodos de representación de datos, información e coñecemento que garanta a súa recuperación eficiente
A19	CE19 - Determinar e aplicar métodos, medidas e técnicas deseñadas para ordenar, protexer, conservar e restaurar datos, información e documentos de diferente natureza
B1	CB1 - Posuír e comprender coñecementos que proporcionan unha base ou oportunidade para ser orixinais no desenvolvemento e / ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B2	CB2 - Aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade para resolver problemas en ambientes novos ou descoñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B4	CB4 - Saber comunicar as súas conclusións -e os coñecementos e os motivos finais que os sustentan- a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades
B5	CB5 - Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan seguir estudando dun xeito que sexa en gran parte autodirixido ou autónomo
B6	CG1 - Capacidade de cooperación, traballo en equipo e aprendizaxe colaborativa
B9	CG4 - Capacidade de análise, diagnóstico e toma de decisións
C1	CT1 - Expresarse correctamente, oralmente e por escrito, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C2	CT2 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo das súas vidas

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Ter o coñecemento humanístico que lle permita ter unha cultura sólida para contextualizar os coñecementos adquiridos		A2	
Dominar as fontes de información relevantes que permitan satisfacer de forma efectiva as demandas dos usuarios tanto para a actividade investigadora como para a empresaria		A5	
Buscar e obtér información en diversos medios para responder á demanda dos usuarios de información		A6	
Dominar os distintos métodos de representación de datos, información e coñecemento que garanta a súa recuperación eficiente		A8	
Determinar e aplicar métodos, medidas e técnicas deseñadas para ordenar, protexer, conservar e restaurar datos, información e documentos de diferente natureza		A19	
Posuír e comprender coñecementos que proporcionan unha base ou oportunidade para ser orixinais no desenvolvemento e / ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación			B1
Aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade para resolver problemas en ambientes novos ou descoñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo			B2
Saber comunicar as súas conclusións -e os coñecementos e os motivos finais que os sustentan- a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades			B4
Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan seguir estudando dun xeito que sexa en gran parte autodirixido ou autónomo			B5
Capacidade de cooperación, traballo en equipo e aprendizaxe colaborativa			B6
Capacidade de análise, diagnóstico e toma de decisións			B9
Expresarse correctamente, oralmente e por escrito, nas linguas oficiais da comunidade autónoma			C1
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo das súas vidas			C2

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción á lingua latina, ás súas variedades e á súa historia	
2. Características morfolóxicas dos soportes e formatos que constitúen o fondo antigo e terminoloxía relacionada (portadas e paratextos)	



3. Cuestións de ortografía latina	
4. Nocións básicas de morfoloxía latina	1.1. Morfoloxía nominal: nome e adxectivo 1.2. Morfoloxía pronominal 1.3. Morfoloxía verbal
5. Sintaxe da oración simple	2.1. Usos dos casos 2.2. Frases preposicionais
6. Sintaxe da oración composta	3.1. Coordinación 3.2. Subordinación
7. Fontes e recursos de información para a comprensión e descrición de libros e documentos escritos en latín (editores, topónimos, etc.).	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A6 A19 B1 B2 B4 B6 B9 C2	24	36	60
Lecturas	A2 B5	0	10	10
Proba obxectiva	A2 B4 C1	4	16	20
Sesión maxistral	A2 A5 A8	24	36	60
Atención personalizada		0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Aprendizaxe centrado no alumnado e baseado no traballo presencial en grupo sobre materiais proporcionados polo profesor, onde estudantes con diferentes niveis de habilidade empregarán actividades de aprendizaxe colaborativa para mellorar o coñecemento da materia. Os exercicios serán de comprensión gramatical e de interpretación básica de documentos de fondo antigo. O alumnado deberá entregar por escrito as respostas.
Lecturas	Lectura por conta do estudante de textos de carácter académico achegados polo profesor. Estes textos permitirán completar a formación das aulas e serán o material sobre o que se programarán actividades prácticas avaliáveis.
Proba obxectiva	Exercicios individuais escritos de carácter teórico-práctico sobre as cuestións desenvolvidas durante o curso.
Sesión maxistral	Exposición polo profesor de contidos relativos a cada un dos temas con apoio de documentación adicional en formato impreso ou dixital e de presentacións en powerpoint.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	O alumnado poderá consultar calquera tipo de dúbida ou problema coas actividades por medio de titorías presenciais, correo electrónico ou, eventualmente, sesións a través de Teams.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A2 B4 C1	Realízase unha proba escrita individual de carácter fundamentalmente práctico en cada unha das convocatorias oficiais (xuño e xullo).	50
Aprendizaxe colaborativa	A6 A19 B1 B2 B4 B6 B9 C2	Realización e entrega das actividades de cada tema propostas ao estudantado, que serán obxecto dun debate e posta en común nas aulas interactivas. As actividades deberán entregarse por escrito nos prazos acordados.	50



Observacións avaliación

Na modalidade de avaliación continua, a calificación da materia será o resultado da suma das calificacións parciais obtidas nas distintas actividades de avaliación realizadas. A puntuación mínima para superar a materia é de 5. Os/as estudantes que non superasen a materia na convocatoria de xuño poderán repetir en xullo aquelas actividades ou probas pendentes ou suspensas coas mesmas condicións e porcentaxes. As actividades presentadas por escrito e a proba final deberán cumprir cos estándares de corrección lingüística, estar redactadas de modo claro e carecer de faltas de ortografía. Estes aspectos poderán terse en conta na avaliación. Aquelas persoas que teñan algún tipo de dispensa legal de asistencia ás aulas poderán presentarse a un exame final, nas convocatorias oficiais, que contará no seu caso o 100% da calificación.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Rubio, L. (1995). Nueva sintaxis latina simplificada. Madrid: Ediciones Clásicas- González Rolán, T.-Rubio, L. (1985). Nueva gramática latina. Madrid: Coloquio- Molina Yébenes, J. (1993). Iniciación a la fonética, fonología y morfología latinas. Barcelona: Universidad de Barcelona- López de Ayala, M. J. (1991). Introducción a la ortografía latina. Madrid: Ediciones Clásicas- Enríquez, J. A.-López Fonseca, A. (1993). Resumen de gramática latina. Madrid: Ediciones Clásicas- Clackson, J. (ed.) (2011). A Companion to the Latin Language. Malden-Oxford-Chichester: Wiley-Blackwell <p>Analecta Malacitana (Univ. Málaga)http://www.anmal.uma.es/anmal/recursos0.htm Ludus litterariushttp://www.luduslitterarius.net/ Resumos de gramática latinahttp://www.aplicaciones.info/latin/lagrama.htm Ejercicios de gramática latinahttp://www.aplicaciones.info/latin/latin.htm</p>
Bibliografía complementaria	A bibliografía complementaria, sobre aspectos específicos de carácter non lingüístico (paleografía, topónimos, historia do libro, etc.), achegarase nas aulas e na plataforma de teleformación.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías